

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA O EMPODERAMENTO DE MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

REUNIDAS

Dunha banda

Dunha banda, Elena Rivo López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra

Eloína Ingerto López na súa condición de representante legal da Fundación Juan Soñador, co NIF G24452435, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigo 25.6 dos seus estatutos e segundo resulta da escritura de poderes outorgada en León ante o Notario D. Gustavo Parco Arrondo con data do 9 de xaneiro de 2020 baixo o número 71 do seu protocolo.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

SEGUNDO

Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral



da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

TERCEIRO

Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

CUARTO

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, promovida pola Familia Salesiana do noroeste de España e inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 24-0061, el 19 de setembro de 2002, recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, "Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares cun alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio e tempo libre, de educación de rúa, de promoción da muller e igualdade de xénero". Conta con equipos educativos profesionais estables e identificados cos seus valores fundamentais: ser axentes de cambio e transformación social, por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeitos de dereitos; proposta educativa cun criterio preventivo, que non se reduce á protección social senón que vai ás causas que provocan a exclusión; estilo educativo baseado nunha relación persoal de proximidade, familiaridade e a aceptación da persoa, con actitudes que desenvolvan a súa autoestima e o recoñecemento da súa dignidade.

Dentro do seu Programa Teranga, de atención integral a persoas migrantes, encádrase



o proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

QUINTO

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos seus dereitos, de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer unha liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa Fundación Juan Soñador, para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

O obxectivo xeral é lograr quebrar o illamento das mulleres empoderándose para afrontar os seus proxectos de vida dentro do proceso migratorio.



Obxectivos específicos:

- Informar as mulleres migrantes en temas vinculados con procesos de inclusión social, desde unha perspectiva de xénero.
- Favorecer que as mulleres identifiquen puntos en común con mulleres de diversas nacionalidades.
- Mellorar o benestar emocional das mulleres e a posibilidade de afrontar situacións persoais, familiares e sociais, a través de espazos grupais e comunitarios.
- Aumentar ou avivar os coñecementos e igualdade de xénero nas mulleres.
- Sensibilizar á cidadanía sobre a situación das mulleres migrantes a través dun enfoque de igualdade de xénero.

SEGUNDA.- EIXES DE ACCIÓN

- Creación dun espazo grupal de mulleres migrantes onde poder xuntarse, falar, soñar, tecer redes sociais e alianzas de apoio.
- Fomento do encontro a través de temas de interese para o crecemento persoal.
- Consideración das mulleres como axentes multiplicadores de vida nas súas familias.
- Aposta pola sabedoría tácita das mulleres e a súa participación en diversos foros sociais dándolles visibilidade.

TERCEIRA .- ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Malaikas se desenvolverá en cada cidade cun grupo de mulleres onde se levarán a cabo estas actividades:

- 1.- Acolida diaria das mulleres:** As mulleres participantes contarán cun espazo de acolida diaria onde poderán recibir a información que precisen e utilizar as instalacións e os medios tecnolóxicos á súa disposición (ordenadores para búsquedas de emprego, contactos coas familias nos países de orixe etc.) así como para facilitar o contacto con outras persoas e favorecer o intercambio cultural.
- 2.- Encontros formativos:** obradoiros dende unha perspectiva participativa que favoreza o empoderamento e o intercambio de experiencias. Grupos de 40 mulleres en Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña, son encontros anuais con 16 sesións formativas.





3.- Encontros lúdico festivos: con saídas en grupo, excursións pola cidade, festas de aniversarios, celebracións, gastronomía, etc. Estes encontros lúdicos estarán abertos a todas as mulleres que participan no espazo de acollida.

4.- Encontros de alianzas: favorecendo as relacións entre as participantes incluso fora do espazo do centro, ata crear redes de apoio entre elas.

5.- Espazo de sensibilización: que permita dar visibilidade e comunicar á cidadanía a situación das mulleres migrantes. Utilizaranse as redes sociais para este fin, facebook, twitter, así como a páxina Web da Fundación Juan Soñador.

CUARTA.-COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade comprométese a:

a) abonar á Fundación Juan Soñador a compensación polos gastos correntes en que incorrese polo desenvolvemento das actividades recollidas na cláusula anterior, por un máximo de 35.000 €, nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

b) facilitar material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Fundación Juan Soñador, para a súa distribución nas accións formativas, así como a poñer a disposición da Fundación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto.

A Fundación Juan Soñador, comprométese ao desenvolvemento do proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña nas condicións establecidas no presente convenio, realizando as actividades relacionadas na cláusula terceira deste convenio, e facilitando os recursos humanos e materias precisos para acadar os obxectivos previstos no presente convenio de colaboración.

QUINTA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á Fundación Juan Soñador a cantidade de **35.000 € (trinta e cinco mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano





2023, para os gastos de persoal (29.238,17€), gastos de actividades (2.609,78€) e gastos indirectos (3.152,05€) efectivamente realizados no exercicio 2023 derivados da realización das accións previstas.

O financiamento deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia, aprobados pola Resolución do 16 de marzo, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2023 dos créditos para o desenvolvemento de programas e a prestación de servizos que garantan o dereito á asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero e a atención aos menores.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio de Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Fundación Juan Soñador, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade. Os xustificantes presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro.

- Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- Os gastos de persoal xustificaranse mediante as **nóminas** xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas consideraranse xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados **entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 11 de decembro de 2023, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite do 12 de decembro de 2023.**

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade Consellería de



Promoción do Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula quinta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.-DURACIÓN

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de xaneiro de 2024.

OITAVA.- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



NOVENA.- NOTIFICACIÓNS

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, dependentes da Fundación Juan Soñador, e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.



Serán causas de extinción deste Convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no desenvolvemento das accións establecidas neste convenio, a Fundación Juan Soñador, deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade antes do 31 de xaneiro de 2024:

- a) unha memoria final de actuación na que se recollerán, todos as actuacións desenvolvidas, co desglose que se relaciona na cláusula terceira deste convenio e respecto ás accións desenvolvidas, con indicación de:



- N° total de accións, especificando para cada unha delas:

1. Número de participantes
2. Localidades e provincias onde se desenvolveu cada acción
3. Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na realización das accións

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula terceira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención,
- b) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Fundación Juan Soñador, non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias das accións, e deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade así como do Ministerio de Igualdade, e a denominación do programa.
- c) A Fundación Juan Soñador deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) A Fundación Juan Soñador comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de atención, se



fora o caso, e a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.

e) A Fundación Juan Soñador queda obrigada a realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade e da Xunta de Galicia.

f) A Fundación Juan Soñador, deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

g) Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

h) Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO QUINTA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos), a Fundación Juan Soñador, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.



Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

VIXÉSIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



VIXÉSIMA PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: A Secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a dese órgano.
- pola Fundación Juan Soñador: a súa Presidenta/Presidente ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

A REPRESENTANTE LEGAL DA
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

Elena Rivo López

Eloína Ingerto López

